

O que é PEVS e os proxectos de Hábitos Saudables



Recursos para PEVS

- **Diagnose da comunidade:** observación, recolección de datos, entrevistas informais, reportes de áreas sensibles (cafetería, EF, dirección...), enquisas.
- **Características do grupo:** análise dos datos e caracterización do grupo transversal (todos os niveis, etapas e cursos) e lonxitudinalmente (ao longo de distintos cursos).
- **Avaliación das necesidades:** en relación coas recomendacións de organismos acreditados (OMS, NAOS, Avena, ENKID...)
- **Deseño e planificación das intervencións:** en función das posibilidades reais e situación concreta. Programación.
- **Avaliación inicial:** recolección de datos, enquisas, reportes...
- **Execución e implementación:** técnicas participativas, concienciación por niveis, cursos, grupos de alumnado ou grupos de interese (dirección, profesorado, ANPA, cafetería).
- **Avaliación final:** recolección de datos, enquisas de satisfacción, análise crítico, reportes anecdóticos...
- **Difusión:** memorias, prensa, comunicación ás familias, selo de calidade,...

Diagnose “poliédrica”

The image shows a screenshot of a web browser displaying a Blogger blog page. The browser's address bar shows the URL `habitosaudablesfloriani.blogspot.com.es/2014/01/enquisas.html`. The page header features the blog title "FLORIANI SAUDABLE" in large, bold, orange letters. Below the title, there are navigation buttons for "Página principal", "CURSO 2016-2017", and "CURSO 2015-2016". The main content area is dated "MIÉRCOLES, 23 DE ABRIL DE 2014" and has a sub-header "Enquisas". Under this sub-header, a list of survey topics is provided: "Enquisa actividade física", "Enquisa nutrición", "Enquisa Valoración cultural", "Enquisa avaliación hábitos saudables", "Enquisa Bacharelato", and "Enquisa semana da saúde". At the bottom of the main content area, there are links for "Entrada más reciente" and "Página principal". On the right side of the page, there is a sidebar with a section titled "PLAN XERMOLÓN" containing sub-links like "Plan prevención obesid" and "Criterios promoción cer". Below that, there is a section "ENTRADA DESTACADA" with a sub-section "Enquisas" listing the same survey topics as the main content. At the very bottom of the page, there is a section "DÚBIDAS SOBRE EXERC NUTRICIÓN? PREME N ENLACE" with a link "Dúbidas". The browser's taskbar at the bottom shows the Windows logo, several application icons, and the system tray with the time "12:13" and date "15/06/2017".

Diagnose en relación coa Actividade Física

As recomendacións da OMS en relación coa actividade física son que o alumnado entre 4 e 17 anos debería realizar, alomenos, sesenta minutos de actividade física vigorosa ao día. Tamén considera beneficioso introducir, polo menos tres veces por semana, exercicios de forza muscular e exercicios aeróbicos vigorosos que poden combinarse.

A Estratexia NAOS (Estrategia para la Nutrición, Actividad física y prevención de la Obesidad y por la Salud) considera entre os seus obxectivos o fomento da práctica regular da actividade física entre a poboación española, especialmente na poboación en idade escolar.

Co obxecto de recabar e cuantificar a actividade física que fan os nosos alumnos empregóuse o “CUESTIONARIO DE ACTIVIDADE FÍSICA **PAQ-A** EN ADOLESCENTES ESPAÑOLES”. O mesmo, pasouse aos alunos e alumnas de todos os niveis (Secundaria obrigatoria e postobrigatoria: bacharelato e ciclos).

ENQUIZA DE ACTIVIDADE FÍSICA

Queremos coñecer cal é o teu nivel de actividade física nos derradeiros 7 días (derradeira semana). Isto inclúe todas aquelas actividades como deportes, ximnasia ou danza que fan sudar ou sentirte canso, ou xogos que fan que a tua respiración sexa máis rápida, como xogar ao pilla-pilla, saltar á comba, correr, trepar e outras. Grazas por colaborar.

Lembra:

1. Non hai preguntas boas ou malas. Isto NON é un exámen
2. Contesta o cuestionario da forma máis honesta e sincera posible. Isto é moi importante

*Obrigatorio

Curso *


Nome *

Primer Apelido *

Segundo Apelido *

1. Actividade Física no teu tempo libre: Fixeches algunha destas actividades nos últimos 7 días (derradeira semana)? Se a túa resposta é si: Cantas veces as fixeches ? *

	NO	1 - 2	3 - 4	5 - 6	7 veces ou +
Saltar á corda	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Patinar	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Xogar á pita ou xogos parecidos	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Bicicleta	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>




<https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSf7NoPMKpLVAPsWkVoTvx41x0gt7qBKd1QqWpC1jO1vVJA4Og/viewform>

Resultados enquisa Paq-A

Táboa 1. Resultados globais e por xénero da enquisa de actividade física


	Sedentario	Baixa actividade física	Actividade física moderada	Actividade física intensa
TOTAIS	5	62	219	29
	1,6%	19,3%	69,3%	9%
	POR XÉNERO			
XÉNERO FEMININO	5	42	106	4
	3,18%	26,75%	67,52%	2,55%
XÉNERO MASCULINO	1	20	113	25
	0,63%	12,66%	71,52%	15,82%

TA SA GLOBAL DE ACTIVIDADE FÍSICA



- Nos resultados obtidos destaca a **escasa porcentaxe de sedentarismo**, menor do que se esperaba. A maioría dos alumnos realizan unha baixa ou moderada actividade física, sendo as mulleres as que realizan actividade física de menor intensidade. Os homes pola contra teñen maior taxa de actividade física moderada ou intensa, pois é máis frecuente que pertencen a equipos federados (88 fronte a 51).
- Chama a atención o **abandono da actividade física vigorosa a partir do 1º de Bacharelato**, ao tempo que aumenta a porcentaxe de alumnos con escasa actividade física.
 - Como conclusión pódese dicir que, a pesar de que a porcentaxe de sedentarios é baixa entre o alumnado, en xeral, as alumnas son menos activas que os alumnos e que a actividade física diminúe de xeito importante entre o alumnado a partir dos 16 anos.

Exercicio e novas tecnoloxías



¡Qué buen



día



para



GNZ





ESO NO ES EJERCICIO MODERADO...

¿O DE MOVER RÍTMICAMENTE LA MANDÍBULA Y EL MAXILAR?


SÍ, SO BOLA



“Dicir e facer”



Pirámides da actividade física



L'activitat física és un hàbit de salut que afavoreix un correcte creixement i desenvolupament a la infància. En aquesta edat cal potenciar el joc actiu i l'esport, i controlar el temps dedicat a TV, consola, ordinador...


Equip Projecte A Vall

Institut Català de la Salut
Serveis d'Atenció Primària
Granollers/Mollet

Ajuntament
Granollers

Hospital General de Granollers
Fundació Hospital Àngel de Granollers

Observatori de la Salut Dr. Carles Vallbona
Fundació Hospital Àngel de Granollers



NO MÉS DE
2 HORAS
AL DIA




PIRÀMIDE DE LA ACTIVIDAD FÍSICA PARA LA INFANCIA




PROYECTO A VALL

Alimentació i Activitat física per a Primària
al Vallès Oriental



3 VECES A
LA SEMANA



ACTIVIDADES
HABITUALES



© Xavier Vives



Si eres inactivo:

- Utiliza escaleras en vez del ascensor
- Guarda el mando de la tele
- Muévete por la casa
- Estira mientras esperas o estas en fila
- Camina cuando puedas

Si haces actividad física ocasional:

- Busca actividades que te gusten
- Planifica actividades para el día
- Marca metas realistas

2-3 VECES A LA SEMANA

Actividades durante el tiempo libre
Golf Bolos
Trabaja en el jardín o en el huerto

Flexibilidad y fuerza
Estiramientos o yoga
Haz pesas con brazos y piernas

3-5 VECES A LA SEMANA

Ejercicio aeróbico (20 minutos)
Camina rápido
Haz marcha nórdica o esquí de fondo
Ves en bicicleta Nada

Ejercicio de ocio (30 minutos)
Fútbol Trekking
Baloncesto Baile
Tenis Artes

CADA DÍA (EL MÁXIMO POSIBLE)

Saca a pasear al perro
Escoge caminos y rutas más largas
Sube las escaleras en lugar de coger el ascensor

Ves a pie a las tiendas o a hacer encargos
Trabaja en el jardín o haz tareas de casa
Aparca el coche lejos del lugar de destino
Haz actividades extras durante el día

Si haces práctica habitual:

- Cambia tu rutina si te aburres
- Explora nuevas actividades



SEMANA DA SAÚDE



A Semana da Saúde, que tivo lugar entre os días sete e dez de abril, á volta das vacacións, dou moi to de sí e o alumnado do Floriani participou nunha ampla e diversa variedade de actividades encamiñadas a mellorar a súa formación e experiencia e fomentar a

adquisición de hábitos saudables:

Obradoiro de Nutrición impartido por voluntarias da Cruz Vermella

Obradoiro de Consumo Responsable

O Sabor da Aventura está no Mar

Trivial Saudable

Obradoiro de Atletismo (altura e pértiga) impartido por Santi Ferrer Jr.

Obradoiro de Ciclismo impartido por Marcos Serrano

Obradoiro de Triatlón impartido por Lorena García

Obradoiro de Loita impartido por Xosé Luis Puentes

Obradoiro de Ximnasia Acrobática impartido por Jorge Méndez

Almorzos Saudables

Exposición "A saúde na prensa diaria" na cafetería do IES

Exposición de produtos de consumo responsable e comercio xusto na cafetería do IES

Se queres ver a presentación que fixo o noso orientador, Fran Piñeiro, preme no seguinte enlace:

Semana da Saúde 2015

**Inserción de
actividades físicas
ligadas coa contorna
na
Semana da Saúde**

ACTIVIDADES PREVISTAS SEMANA DA SAUDE

Actividades	Días	Responsables
Reparto de Froita	Ma-Me-X	Mercé
Exposicións	Nos corredores e cafetería	
Hábitos Saudables da Poboación na Prensa	L-Ve	Almudena e Celia
A Froita	L-Ve	Julio Queipo
Pirámide nutricional	L-Ve	Chus
Presentacións saudables	Nos recreos	
A Froita é Divertida	Ma-Me-X	Cristina/Pereda
Profes Saudables	L-Ve	Alejandro/Pereda
Repartos de Froita	Ma-Me-X	Breogán/Pereda
O Almorzo	L-Ve	Mercé
Nutrición	L-Ve	Mercé
O Colesterol	L-Ve	Mercé
A Hipertensión	L-Ve	Mercé
Trivial Saudable	Nas clases de At. Educativa	
Partidas de Trivial (clases At. Educativa)	L-Ve	Grupo Floriani Saudable e Lence
Actividades Deportivas	No pavillón e arredores do centro	
Iniciación ao Basket	L-Ma- Ve	Mercé, Alejandro, Basket Redondela
Iniciación ao Ciclismo	Me-X-Ve	Mercé, Alejandro, Marcos Serrano
Conferencia sobre Hábitos Saudables	Para comunidade educativa	
Pendente de confirmación o poñente		Grupo Floriani Saudable
Presentacións en Radio Redondela		
Presentación da Semana da Saúde no Floriani		Mercé, Simón e Ana
Presentación do Trivial Saudable		Grupo Floriani Saudable
Presentación do estudio sobre Hábitos Saudables na poboación do IES		Simón e Ana
Aprendizaxe de técnicas de Relaxación (2º bach)		
2º Bacharelato Humanístico	Pte	Marga Tovar e Pilar Dios
Columna "Alternativa Saudable"		
Cafetería do IES: display con produtos saudables	L-Ve	Paqui, Mercé, Pilar Dios e Celia
Almorzos Saudables		
1º Bacharelato A e B	Ve	Almudena e Mercé

Presentacións nas que o alumnado amosa as actividades físicas que practica habitualmente...

Alumnado
saudable

...







Paula

Domínguez,

1º Bach.

Tecnológico



E tamén o profesorado... para sorpresa positiva do alumnado

e profesorado saudable...






**Olga,
English
Teacher**





Os prexuízos do dualismo e a intelcualidade mal entendida



“Los cuerpos son extensos y se rigen por causas puramente mecánicas pero son incapaces por completo de pensar. Alma y cuerpo son dos sustancias de naturaleza totalmente distinta y se encuentran separados”. Descartes. Século XVII.

Organización de obradoiros con clubs da contorna: escola de ciclismo Redondela





DCIM\101GOPRO

Saídas a visitar asociación da contorna: club de Remo de Cesantes



Actividades de deportes tradicionais: club de Petanca de Redondela







Organización de actividades tradicionais nas “festas” do IES







Actividades novedosas ou “tabú”: club de Taekwondo Doyang





Loitas olímpicas: federación galega de loita e club de loita Pontevedra





Club de Gimnasia Acrobática Flic-Flac





A man in a blue jacket is standing on the left side of the room, facing the students. He appears to be the instructor or presenter.

A large white projector screen is positioned in the center of the room, displaying a diagram or presentation slide. The screen is mounted on a stand.

A group of students is seated on white wooden benches, facing the front of the room. They are attentively listening to the presentation. The students are wearing various colored jackets and clothing.

A bulletin board is located on the right side of the room, displaying various notices, posters, and information. It is mounted on the wall.

A green chalkboard is visible on the far right side of the room, partially obscured by the bulletin board. It appears to have some faint writing on it.


Obradoiro de expresión corporal e ritmo. Club Yidam



Roteiros polo concello

Organización de roteiros polo contorno do IES e o concello de Redondela:

- Monte Penide
- Alvedosa
- Verduxo
- Illa de San Simón



Iniciativa de Recreos Activos. Metodoloxía “*laissez faire*” organizada e material fabricado polo alumnado en Tecnoloxía









Valoración da resistencia Cardiorrespiratoria

A actividade física é unha das catro estratexias de prevención de enfermidades crónicas propostas pola Organización Mundial de la Salud no ano 2002. Pero non basta con aumentar o nivel de actividade, pois o risco cardiovascular futuro **está máis condicionado pola forma física** que se alcanza (especialmente forza e capacidade aeróbica) que polo nivel de actividade física que se realiza.

- O noso grupo de traballo tomou a valoración da capacidade aeróbica máxima como indicador da forma ou condición física dos alumnos.
- Como valores de referencia tomáronse os establecidos no estudio "***bajo nivel de forma física en los adolescentes españoles. Importancia para la salud cardiovascular (Estudio Avena)***", para idades comprendidas entre os 13 e os 18,5 anos.
- Nos resultados obtidos obsérvase unha tendencia cara o aumento do nivel de condición física nos varóns conforme aumenta a idade, e cara a estabilidade ou moi lixeiro aumento no caso das mulleres.
- O percentil 5 do test Course-Navette (capacidade aeróbica máxima) obtido no referido estudio para varóns e mulleres (rangos: 2,0-3,3 y 1,4-1,9, respectivamente) é, por sí mesmo, un indicador biolóxico por embaixo do cal pode considerarse o nivel de forma física como patolóxico.
- Na práctica so hai 3 alumnos con esas características, que ademáis tamén son obesos.

Táboa 1. Resultados obtidos no Test de Course-Navette

Idade	12	13	14	15	16	17
			PALIERS (Valores promedio)			
Xénero Feminino	2,5	3,7	3,6	4,8	5,05	4,83
Xénero Masculino	5,3	5,5	6,5	7	9,2	8,97

Táboa 2

Idade	12	13	14	15	16	17
	RESULTADOS SEGUNDO OS PERCENTÍS ESTABLECIDOS NO ESTUDIO AVENA 2005					
Xénero Feminino	2,5	P70-80	P60-70	P70-80	P70-80	P70-80
Xénero Masculino	5,3	P40-50	P60-70	P60-70	P80-90	P80-90

Táboa 3. Nivel medio de condición física

Idade	12	13	14	15	16	17
			CONDICIÓN FÍSICA			
Xénero Feminino	2,5	BOA	MEDIA	BOA	BOA	BOA
Xénero Masculino	5,3	MALA	MEDIA	MEDIA	MOI BOA	MOI BOA

Resultados promedio Test Course Navette




Fig. 1. Valores nos alumnos de ESO e 1º Bacharelato

PERFIL ANTROPOMÉTRICO/COMPOSICIÓN CORPORAL

O sobrepeso e a obesidade na infancia e adolescencia, como tamén a falta de actividade e de forma física aumentan o risco de padecer obesidade na idade adulta así como a prevalencia de factores de risco cardiovascular. Por iso é importante a detección e prevención para evitar as consecuencias futuras.

- Despois de rexistrar as alturas e pesos do alumnado e de calcular **os IMC, como ferramenta de contraste**, usamos os criterios de diagnóstico de **Cole e cols.**, pois son amplamente utilizados inda que tenden a subestimar a obesidade e sobreestimar o sobrepeso, segundo outros estudos.
- No IES Pedro Floriani, según os puntos de corte de Cole et cols. para o sobrepeso e a obesidade, existe actualmente un **exceso ponderal do 32,1%**.
- É un porcentaxe moi alto, pero similar ao da nosa contorna.

Táboa 1. Porcentaxes totais e por xéneros

	XERAL	ALUMNAS	ALUMNOS
SOBREPESO	20,6	22,6	18,8
OBESIDADE	11,5	10,4	12,5
TOTAL	32,1	33	31,3


Táboa 2. Porcentaxes por cursos

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC
Baixo Peso	4,35%	18,96%	5,02%	0,00%	0,00%
Normopeso	65,94%	45,93%	66,54%	63,26%	66,21%
Sobrepeso	16,94%	13,70%	17,16%	34,47%	28,74%
Obesidad	12,77%	21,41%	11,27%	2,27%	5,06%
Exceso peso	29,71%	35,11%	28,43%	36,74%	33,79%

Táboa 3. Porcentaxes por xénero

	Homes		Mulleres	
	V. Absolutos	%	V. Absolutos	%
Baixo Peso	9	8,04%	5	4,72%
Normo peso	69	61,61%	66	62,26%
Sobrepeso	20	17,86%	24	22,64%
Obesidade	14	12,50%	11	10,38%

COMPOSICIÓN CORPORAL
ALUMNOS SECUNDARIA
CURSO 2013-2014



venres, 25 de abril de 2014

COMPOSICIÓN CORPORAL DO ALUMNADO DO IES PEDRO FLORIANI (PRESENTACIÓN)

Composición corporal do alumnado do IES Pedro Floriani



Publicado por **MERCE BARRIENTOS** ás **04:08**

Ligazóns a esta publicación 

Ningún comentario:

 **G+** Recomendar isto en Google

Howard Schatz, fotógrafo neoyorquino, realizou una serie de fotografías nas que amosa os cambios que adopta o corpo humano segundo se practiquen distintas disciplinas deportivas. Con esta interesante galería Howard Schatz demostra que non hai dous físico iguais nin un prototipo único de deportista.

Enquisa sobre hábitos nutricionais

ENQUISA NUTRICIONAL

https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSdC-eDUI5IIPqhwI0rNEr1GVR7cKMfcrXJ2hvgA12cbUZCoMw/viewform

Aplicaciones ★ Bookmarks CÁLCULO SOMATOTIF El somatotipo-morfol Confección de Somat RESULTADOS XXOO Otros marcadores

ENQUISA NUTRICIONAL

O presente test é unha forma de coñecer a túa alimentación. Moitas grazas por colaborar.
Le ben cada un dos apartados e marca en SI ou NON segundo corresponda

***Obrigatorio**

Curso *

Nome *

Primeiro apelido *

2º Apelido *

Xénero *

1. Tomas unha froita ou zume natural todos os días? *

2. Tomas unha segunda froita todos os días? *

Windows Taskbar: 21:30 21/06/2017

sobreposición y comprobar que las encuestas sobre hábitos nutricionales arrojaban datos preocupantes (Tabla 1), se trató de correlacionar estos con otras variables como los índices de actividad física que realizaban.


Tabla 1. Encuesta Nutricional. Resultados absolutos y relativos		Nº	%
1	Tomas unha froita ou zume natural todos os días	205	79,15
2	Tomas unha segunda froita tódos os días	126	48,65
3	Tomas verduras frescas (ensalada) ou cociñadas cada día	128	49,42
4	Tomas verduras máis dunha vez ó día	45	17,37
5	Comes peixe polo menos dúas veces á semana	200	77,22
6	Comes pizza, hamburguesas, precociñados ou similares polo menos 1 vez á semana	164	63,32
7	Tomas legumes (fabas, garavanzos, lentellas...) polo menos unha vez á semana	194	74,90
8	Tomas pasta, arroz ou patacas case a diario	200	77,22
9	Almorzas con pan, galletas ou cereais a diario	180	69,50
10	Tomas froitos secos polo menos unha vez á semana	132	50,97
11	Na casa cocíñase con aceite de oliva	237	91,51
12	Un ou máis días á semana pasas sen almorzar	83	32,05
13	Almorzas con algún lácteo (leite, queixo ou iogur)	215	83,01
14	Almorzas con pasteis industriais (madalenas ou palmeiras de bolsa, donuts, etc)	58	22,39
15	Tomas doces, caramelos, "gusanitos", "chetos", "fritos", gominolas, etc. varias veces ó día	58	22,39
16	Comes ó longo do día polo menos 3 lácteos (iogur, queixo, leite ou xeadado...)	167	64,48
17	No recreo consumes doces, "gusanitos", donuts, palmeiras ou similares varios días á semana	91	35,14
18	Na saída levas para o bus ou para a casa doces, "gusanitos", donuts, palmeiras ou similares	12	4,63
19	Bebes 3 ou máis vasos de refrescos azucarados ó día	44	16,99
20	Bebes 2 ou máis refrescos de cola (Cocacola, Pepsi), Redbull ou similares ó día	50	19,31
21	Bebes 4 ou máis vasos de auga, leite ou zume natural ó día	220	84,94
22	Tomas bebidas alcohólicas polo menos 1 día á semana	36	13,90
23	Tomas entre 3 e 6 ovos á semana	126	48,65
24	Comes carne 5 ou máis días á semana	99	38,22
25	Tomas unha merenda á media tarde cada día ou case cada día	194	74,90
26	Tomas algún alimento á media mañá cada día ou case cada día	183	70,66



		HOMES			MULLERES		
		Nº	% Tot ¹	% Hom ²	Nº	% Tot ¹	% Mull ²
1	Tomas unha froita ou zume natural todos os días	100	38,61	80	105	40,54	78,36
2	Tomas unha segunda froita tódos os días	61	23,55	48,8	65	25,10	48,51
3	Tomas verduras frescas (ensalada) ou cociñadas cada día	55	21,24	44	73	28,19	54,48
4	Tomas verduras máis dunha vez ó día	29	11,20	23,20	16	6,18	11,94
5	Comes peixe polo menos dúas veces á semana	102	39,38	81,60	98	37,84	73,13
6	Comes pizza, hamburguesas, precociñados ou similares polo menos 1 vez á semana	77	29,73	61,60	77	29,73	57,46
7	Tomas legumes (fabas, garavanzos, lentellas...) polo menos unha vez á semana	96	37,07	76,8	98	37,84	73,13
8	Tomas pasta, arroz ou patacas case a diario	103	39,77	82,40	97	37,45	72,39
9	Almorzas con pan, galletas ou cereais a diario	95	36,68	76	85	32,82	63,43
10	Tomas froitos secos polo menos unha vez á semana	75	28,96	60	57	22,01	42,54
11	Na casa cocíñase con aceite de oliva	115	44,40	92	122	47,10	91,04
12	Un ou máis días á semana pasas sen almorzar	29	11,2	23,2	54	20,85	40,30
13	Almorzas con algún lácteo (leite, queixo ou iogur)	108	41,70	86,40	107	41,31	79,85
14	Almorzas con pasteis industriais (madalenas ou palmeiras de bolsa, donuts, etc)	38	14,67	30,40	20	7,72	14,93
15	Tomas doces, caramelos, "gusanitos", "chetos", "fritos", gominolas, etc. varias veces ó día	35	13,51	28	23	8,88	17,16
16	Comes ó longo do día polo menos 3 lácteos (iogur, queixo, leite ou xeadado...)	85	32,82	69	82	31,66	61,19
17	No recreo consumes doces, "gusanitos", donuts, palmeiras ou similares varios días á semana	40	15,44	32	51	19,69	38,06
18	Na saída levas para o bus ou para a casa doces, "gusanitos", donuts, palmeiras ou similares	15	5,79	12	3	1,16	2,24
19	Bebes 3 ou máis vasos de refrescos azucarados ó día	23	8,88	18,40	21	8,11	15,67
20	Bebes 2 ou máis refrescos de cola (Cocacola, Pepsi), Redbull ou similares ó día	29	11,20	23,20	21	8,11	15,67
21	Bebes 4 ou máis vasos de auga, leite ou zume natural ó día	110	42,47	88	110	42,47	82,09
22	Tomas bebidas alcohólicas polo menos 1 día á semana	24	9,27	19,20	12	4,63	8,96
23	Tomas entre 3 e 6 ovos á semana	64	24,71	51,20	62	23,94	46,27
24	Comes carne 5 ou máis días á semana	51	19,69	40,80	48	18,53	35,82
25	Tomas unha merenda á media tarde cada día ou case cada día	90	34,75	72	99	38,22	73,88
26	Tomas algún alimento á media mañá cada día ou case cada día	86	33,20	68,80	100	38,61	74,63
	4 FROITAS O DÍA	18	6,95	14,40	7	2,7	5,22

(* Enquisa tomada do estudio Enkid e modificada para integrar o consumo de bebidas excitantes, bolos industriais e *chucherías*

CALIDADE DA DIETA DOS ALUMNOS NA SECUNDARIA DO IES PEDRO FLORIANI



Conclusións:

- **Un 30% do alumnado ten hábitos nutricionais prexudiciais**, que, probablemente, están a influír negativamente no seu rendemento académico: cansanzo, falla de concentración, maior excitabilidade. Tamén no funcionamento do seu organismo: alteracións dos niveis de azucre e colesterol no sangue, deficiencias nutricionais crónicas, etc.
- A prevención e a educación en hábitos saudables parece que está máis que xustificada.
- Corrixir algúns dos hábitos nutricionais sinalados así como facer máis actividade física no tempo de lecer deben ser obxectivos prioritarios para a mellora da saúde dos nosos alumnos/as .
- O decálogo da alimentación (ver a entrada no blogue www.habitosaudablesfloriani.blogspot.com) é un modelo a seguir para acadar un mellor estado nutricional e de saúde en xeral.

Comunicación aos membros da comunidade das conclusións e iniciativas

HSF

Estimados titores/nais e pais:

No IES Pedro Floriani -segundo as indicacións da Organización Mundial da Saúde e da Estratexia NAOS para a Nutrición, Actividade Física, prevención da Obesidade e pola Saúde- vense desenvolvendo un traballo elaborado polo grupo de profesores “**Hábitos Saudables Floriani**”.

O traballo consiste na valoración –entre o alumnado- de distintos factores que inciden na prevención da aparición de doenzas crónicas na idade adulta: a calidade da dieta, a prevención do sobrepeso e a obesidade, os niveis de actividade física diaria e o rendemento cardiovascular. Estas variables que inciden moito na calidade de vida poden ser modificadas dende a idade escolar.

Os resultados e conclusións do estudio, así como as iniciativas que se realizaron sobre este tema durante o curso escolar poden atopalas no blogue

www.habitosaudablesfloriani.blogspot.com

Neste blogue poden atopar información sobre nutrición, actividade física, oferta deportiva no concello de Redondela e o seu contorno, etc. Tamén dispoñen dun apartado para poder realizar consultas sobre hábitos saudables

dubidas.saudables.floriani@gmail.com

O grupo de traballo **Hábitos Saudables Floriani** encargárase de aclarar estas dúbidas e remitir-lles as respostas aos seus E-mails.

Entre todos poderemos así incidir nunha mellor calidade de vida para os nosos rapaces e rapazas.

PERFIL ANTROPOMÉTRICO/COMPOSICIÓN CORPORAL

O sobrepeso e a obesidade na infancia e adolescencia, como tamén a falta de actividade e de forma física aumentan o risco de padecer obesidade na idade adulta así como a prevalencia de factores de risco cardiovascular. Por iso é importante a detección e prevención das consecuencias futuras.

Despois de rexistrar as alturas e pesos dos alumnos e de calcular os IMC, como ferramenta de contraste, usamos os criterios de diagnóstico de Cole e cols, pois son amplamente utilizados aínda que tenden a subestimar a obesidade e sobreestimar o sobrepeso.

No IES Pedro Floriani, segundo os puntos de corte de Cole para o sobrepeso e a obesidade, existe actualmente un exceso ponderal de 32,1%. É unha porcentaxe moi alta, similar á do noso medio.

A distribución por categorías e xéneros é a seguinte:

- 20,6% corresponde a sobrepeso e un 11,5% a obesidade.
- Por xénero o exceso de peso é de 33% nas rapazas e do 31,3% nos rapaces.
Nas rapazas o sobrepeso constitúe o 22,6% e a obesidade o 10,4%.
Nos rapaces o sobrepeso é de 18,8% e a obesidade de 12,5%.

En liñas xerais, con respecto ao curso pasado, a taxa de obesidade é maior e a de sobrepeso é menor. A obesidade é maior no xénero masculino e o sobrepeso no xénero feminino.

A maioría de casos de baixo peso refírense a alumnos de 1º e 2º da ESO que, en principio, no presentan ningún outro tipo de problema.

VALORACIÓN CALIDADE DA DIETA (ADHERENCIA Á DIETA MEDITERRÁNEA)

A calidade da dieta valorouse mediante o Test Kidmed, que gradúa a adherencia á dieta mediterránea. O patrón alimentario do 65% dos alumnos é de **moi baixa calidade ou mellorable**.

Analizando as estadísticas ailladamente destacan os seguintes datos:

- Soamente a metade dos alumnos toman un mínimo de 2 froitas ao día, e destes só un 25% toma ademais 2 ou mais verduras ao día (10% toman **4 ou máis froitas e verduras ao día**: 2 veces e media máis frecuente entre os alumnos).
- Un 20% dos alumnos non toman ningunha froita ao día(25 alumnos, 27 alumnas).
- Un 50% dos alumnos non toman ningunha verdura a diario.
- 83 alumnos(32% dos alumnos) pasan **sen almorzar** polo menos un día a semana (case 2/3 delas son alumnas). De estes 22 tampouco toman ningunha froita a diario.
- Un 35% (40 alumnos, 51 alumnas) dos alumnos consome no recreo flocos de millo, donuts, palmeiras, etc.
- Un 20% (29 alumnos,21 alumnas) consome case a diario 2 ou máis refrescos de cola (Cocacola, Redbull,etc).
- 17% dos alumn@s (22 alumnas, 22 alumnos) bebe 3 ou máis vasos de refrescos azucrados/día.
- Un 14% (36 alumnos) toman doces no recreo e ademais non almorzan. (24 alumnas e 12 alumnos).
- Un 4% (11 alumnas) toman doces no recreo, beben 2 ó mas colas a diario e non almorzan.
- Un 14% dos alumnos toman algunha bebida alcohólica á semana; destes, 2/3 son de xénero masculino.

CORRELACIONES

Á hora de estudar as correlacións entre dúas variables encontróuse que a **condición física** diminúe a medida que aumenta o IMC (correlación negativa) e aumenta coa idade (correlación positiva); entre as alumnas de Bacharelato véuse que “a mellor calidade da dieta mellor condición física” (correlación positiva).

Farían falla estudos das correlacións máis amplos e mellor definidos metodolóxicamente para extraer conclusións que se poidan xeralizar.

CONCLUSIÓN

Un 30% do alumnado ten hábitos nutricionais prexudiciais, que, non cabe a mínima dúbida, están a influír negativamente no seu rendemento académico : cansanzo, falla de concentración, maior excitabilidade, e no funcionamento do seu organismo: alteracións do azucre e colesterol no sangue, deficiencias nutricionais crónicas, etc.

A prevención e a educación nos hábitos saudables, parece que está máis que xustificada.

Corrixir algúns dos hábitos nutricionais sinalados así como facer máis actividade física no tempo de lecer deben ser obxectivos prioritarios para a mellora da saúde dos nosos alumnos/as .

O decálogo da alimentación (ver a entrada neste blogue) ofrece unhas pautas a seguir para acadar estes obxectivos.

RESULTADOS OBTIDOS DO ESTUDIO DOS HÁBITOS SAUDABLES DO FLORIANI

RESULTADOS DA ENQUISTA DE ACTIVIDADE FÍSICA

A Estratexia NAOS (Estrategia para la Nutrición, Actividad física y prevención de la Obesidad y por la Salud) considera entre os seus obxectivos o fomento da práctica regular da actividade física entre a poboación española, especialmente na poboación en idade escolar.

Co obxecto de recabar e cuantificar a actividade física que fan os nosos alumnos empregouse o "CUESTIONARIO DE ACTIVIDADE FÍSICA PAQ-A EN ADOLESCENTES ESPAÑOLES". O mesmo, pasouse ós alumnos de todos os niveis (secundaria e Ciclos).

Nos resultados obtidos destaca a escasa porcentaxe de sedentarismo, menor do que se esperaba. **A maioría dos alumnos realizan unha baixa ou moderada actividade física**, sendo as mulleres as que realizan actividade física de menor intensidade.

Os homes, pola contra, teñen maior taxa de actividade física moderada ou intensa, pois é máis frecuente que pertencen a equipos federados (88 fronte a 51).

Chama a atención o abandono da actividade física intensa a partir do 1º de Bacharelato, ao tempo que aumenta a porcentaxe de alumnos con escasa actividade física.

Como conclusión pódese dicir que, en xeral, as mulleres son menos activas cós homes e que a actividade física diminúe a partir dos 16 anos.

RESULTADOS DA PROBA DE RESISTENCIA CARDIORRESPIRATORIA OU CAPACIDADE AERÓBICA MÁXIMA

A actividade física é unha das catro estratexias de prevención de enfermidades crónicas propostas pola Organización Mundial da Saúde no ano 2002.

Pero non basta con aumentar o nivel de actividade pois o risco cardiovascular futuro **está máis condicionado pola forma física** que se alcanza (especialmente forza e capacidade aeróbica) que polo nivel de actividade física que se realiza.

O noso grupo de traballo tomou a valoración da capacidade aeróbica máxima como indicador da forma ou condición física dos alumnos (non se tiveron en conta os niveis de forza, que son o outro indicador de condición física).

Como valores de referencia tomaronse os establecidos no estudo "*Bajo nivel de forma física en los adolescentes españoles. Importancia para la salud cardiovascular (Estudio Avena)*", para idades comprendidas entre os 13 e os 18,5 anos.

Nos resultados obtidos obsérvase unha tendencia cara a un aumento do nivel de condición física nos varóns conforme aumenta a idade, e cara a estabilidade no caso das mulleres.

O percentil 5 do test Course-Navette (capacidade aeróbica máxima) obtido no referido estudo para varóns e mulleres (rangos: 2,0-3,3 e 1,4-1,9, respectivamente) é, por si mesmo, un indicador biolóxico por debaixo do cal pode considerarse o nivel de forma física como patolóxico.

No noso estudo só rexistramos 3 alumnos con esas características, que ademais tamén son obesos.

Algunos recursos para trabajar a dieta saludable

La nueva Rueda de los Alimentos

SEDCA® 2007



Os grupos de alimentos. A roda

I Enerxéticos (composición predominante en hidratos de carbono: produtos derivados de cereais, patacas, azucre)

II EnerXéticos (composición predominante en lípidos: manteiga, aceites e graxas en xeral)

III Plásticos (composición predominante en proteínas: produtos de orixe lácteo)

IV Plásticos (composición predominante en proteínas: cárnicos, ovos e peixe, legumes e froitos secos)

V Reguladores (hortalizas e verduras)

VI Reguladores (froitas)

- Inclúe, ademáis, mención explícita ao exercicio físico e á necesidade de inxerir auga en cantidade suficiente.

¡COMBATE LA OBESIDAD! EN TU PLATO ESTÁ LA CLAVE PARA CONTROLAR EL PESO

Verduras y hortalizas

Al menos **2 raciones al día** ayudan a prevenir la obesidad.

Aportan agua, muy pocas calorías y son ricas en vitaminas, antioxidantes, minerales y fibra.

Toma de todos los colores un buen plato y limita el aceite que añades.



Leche y yogur

2-3 raciones al día

Mejor desnatados o con bajo contenido en grasa.

Aceite de oliva y frutos secos

Un consumo moderado de frutos secos previene las enfermedades crónicas sin aumentar el riesgo de obesidad.




¡Mantente activo!



Frutas

Al menos **3 piezas al día**. Variadas y mejor frescas de temporada. Son de bajo contenido calórico, contienen hidratos de carbono y aportan vitaminas, minerales y fibra.



Cereales, legumbres y patatas

Trigo, avena, maíz, arroz y derivados como el pan y la pasta. Incluimos también las **legumbres** porque ambos grupos aportan, sobre todo, hidratos de carbono, pero también proteínas, vitaminas, minerales y fibra.

Las **patatas** son ricas en hidratos y las puedes incluir en esta zona del plato. Tómalas mejor cocidas o al horno y limita las fritas. Utiliza salsas con poca grasa para la pasta y el arroz.

Un mayor consumo de **cereales integrales** se asocia a un mejor control del peso.

Agua

Bebe preferentemente agua (6-8 vasos al día) o líquidos con pocas calorías (infusiones, caldos vegetales y bebidas light). Las bebidas azucaradas incrementan el riesgo de obesidad.



Proteínas

Las proteínas de alto valor biológico son de origen animal. Contienen todos los aminoácidos en la cantidad suficiente para formar la proteína que el cuerpo necesita. Aportan además grasas, vitaminas y minerales.

Las carnes: menos de **6 veces a la semana** (100-130 g). Elige las magras, el pollo y limita las rojas, los embutidos y otras carnes procesadas con más grasas saturadas y calorías.

Pescados: **mínimo 4 veces por semana** (entre 120-150 g). Los azules contienen ácidos grasos omega 3 con efectos muy beneficiosos.

Huevos: de **4 a 6 a la semana**, son una fuente muy completa y económica de proteínas con pocas calorías.

Quesos: tienen un contenido alto en proteínas, pero también en grasas saturadas y calorías. **Toma raciones pequeñas** (40-60g) o quesos frescos o desnatados.

Legumbres: de **2 a 3 veces por semana**. Mezcladas con cereales aportan una proteína de alto valor biológico.

BINGO DA ALIMENTACIÓN

LIÑA A LIÑA O BINGO E NOSO AXIÑA

- **OBXECTIVO:** que os alumnos incorporen, afiancen ou recuperen coñecementos sobre alimentación e nutrición.
- **CONTIDOS:**
- Concepto de alimento-fonte
- Grupos de alimentos: principios nutricionais, funcións e cantidades recomendadas segundo grupo biolóxico.
- Gráfica de alimentación saudable.
